

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de piscinas municipais no pobo de Oimbra, así como Ordenanza reguladora dos mencionados servizos.

Artigo 1º. Fundamento xurídico.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución, e polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade cos artigos 15 a 19 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación dos servizos piscinas municipais, que se rexerán pola seguinte ordenanza, cuxas normas atenden ó previsto nos artigos 20 e seguintes do mencionado Real Decreto Lexislativo 2/2.004.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 30 do Decreto da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, num. 103/205, de 6 de Maio, polo que se establece a Reglamentación Técnico-Sanitaria de piscinas de uso colectivo, se establecen nesta Ordenanzas as normas de uso das instalacións.

Artigo 2º. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de piscinas municipais no pobo de Oimbra.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos regulados nesta ordenanza.

Artigo 4º. Devengo. Obriga de contribuir.

1- A Taxa devéngase cando se solicite ou se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

2- Enténdese que se iniciou a prestación do servizo, en todo caso, unha vez efectuada a entrada nas instalacións municipais.

3- Poderase esixir o depósito previo do importe total da taxa no momento de solicitar a prestación do servizo.

Artigo 5º. Base imponible e liquidable.

1.A base da taxa que regula esta Ordenanza Fiscal, defínese mediante unha cantidade fixa pola entrada nas instalacións da piscina municipal.

Artigo 6º. Cotas e tarifas tributarias.

1.-A contía da taxa pola utilización do servizo da piscina municipal se establecerá en funcións das tarifas seguintes:

Diaria.

Nenos/as de 3 a 14 anos.. 1,00 €

Maiores de 14 anos... 1,50 €

Abonados.

Mensual de 3 a 14 anos... 16,00 €

Mensual maiores de 14 anos... 24,00 €

Mensual matrimonio ou parella de feito... 33,00 €

Mensual matrimonio ou parella de feito con 1 fillo menor de 14 anos... 44,00 €

Mensual matrimonio ou parella de feito con 1 fillo maior de 14 anos... 50,00 €

Mensual matrimonio ou parella de feito con 2 fillos menores de 14 anos... 56,00 €

Mensual matrimonio ou parella de feito con 2 fillos maiores de 14 anos... 68,00 €

Mensual matrimonio ou parella de feito con 1 fillo maior de 14 anos e outro menor...62,00 €

A partir do 3º fillo os importes contemplados anteriormente non se incrementaran. Para calquera outro caso que non resulte contemplado nesta ordenanza, será o concello o que decida como se resolverá.

2-No caso de bonos cabe a posibilidade de facelos quincenais, reducíndose as tarifas a metade das indicadas para os bonos mensuais.

3- Os aboamentos mensuais darán dereito ó disfrute das instalacións desde a data na que se efectúe o aboamento ata a mesma data do mes seguinte, sempre e cando a piscina non tivera pechado antes, por motivos de peche da temporada ou por calquera outro motivo de causa de forza maior,

4- Nestas cotas non hai prorrateos en función de acortamento da tempada ou da xornada de baño dos beneficiarios.

Artigo 7º. Exencións e bonificacións.

1.Estarán exentos da taxa os nenos/as de 0 a 3 anos de idade.

2.Terán dereito a unha bonificación do 30% os veciños empadronados no Concello que teñan unha antigüidade no Padrón de máis de seis meses á data de apertura das instalacións, polo tanto, cando se apliquen estas tarifas bonificadas, serán das seguintes cuantías:

Diaria.

Nenos/as de 3 a 14 anos... 0,70 €

Maiores de 14 anos... 1,05 €

Abonados.

Mensual de 3 a 14 anos... 11,20 €

Mensual maiores de 14 anos... 16,80 €

Mensual matrimonio ou parella de feito ... 23,10 €

Mensual matrimonio ou parella de feito con 1 fillo menor de 14 anos.... 30,80 €

Mensual matrimonio ou parella de feito con 1 fillo maior de 14 anos...35,00 €

Mensual matrimonio ou parella de feito con 2 fillos menores de 14 anos...39,20 €

Mensual matrimonio ou parella de feito con 2 fillos maiores de 14 anos... 47,60 €

Mensual matrimonio ou parella de feito con 1 fillo maior de 14 anos e outro menor....43,40 €

Artigo 8º. Normas de xestión.

Aplicarase a taxa e nace a obrigaón de contribuír:

a) Para os aboados mensuais ou quincenais no momento da apertura das instalacións, podendo solicitalo a partir do 1 de maio de cada tempada, tendo que realizar o ingreso na Tesourería Municipal antes do primeiro día do período no que deban surtir efecto.

b) Para os usuarios de día, no momento de entrar no recinto acoutado exclusivamente para o baño. Os maiores que queiran entrar no recinto de baño acompañando a menores deben satisfacer a cota.

c) O cobro da taxa por día realizaraa unha persoa adscrita aos servizos de portería na entrada do recinto.

d) O cobro da taxa de bonos levarase a cabo por ingreso directo na Tesourería Municipal ou entidade bancaria colaboradora.

e) Os usuarios das instalacións deberán conservar os resgardos do pagamento da taxa durante o tempo que permanezan no recinto, podendo serlle solicitado polas persoas encargadas das instalacións.

f) Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo, o servizo non se preste ou realice, como por exemplo co peche da tempada antes do previsto, ou calquera outro caso de forza maior, procederá a devolución do importe correspondente.

Non haberá lugar á devolución de importe ningún cando o servizo non se use ou disfrute por causa imputable ó propio usuario, bastando para iso ca obrigaón municipal de poñer a disposición do usuario a instalación e os medios necesarios para disfrutar da actividade.

Artigo 9º. Período impositivo.

O período impositivo coincidirá co inicio e cesamento na prestación do servizo, que durante a época estival de cada ano serán fixados polo Concello.

Artigo 10º. Réxime de declaración e ingreso.

1.O Concello de Oímbra poderá establecer convenios de colaboración con entidades, institucións e organizacións representativas dos suxeitos pasivos a taxa, co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas daquela ou os procedementos de liquidación ou recadación.

2.Os suxeitos pasivos que teñan a condición de abonados realizarán o ingreso desta taxa na Tesourería Municipal ou entidade colaboradora.

Artigo 11: Normas de uso e utilización.

A capacidade máxima de utilización simultánea da piscina de vaso grande será de noventa (90) usuarios.

A capacidade máxima de utilización simultánea da piscina de vaso de chapoteo será de dez (10) usuarios.

Será obrigatoria a ducha antes da inmersión na auga das piscinas, tanto por motivos de hixiene como para evitar o choque térmico. Para tal fin empregaranse as duchas existentes nas zonas de acceso.

Será obrigatorio o uso de chancletas ou calzado de baño persoal nas zonas de pés descalzos.

Queda prohibida a entrada á zona de baño con calzado da rúa.

Prohíbese a entrada de animais nas instalacións, excepto perros guía.

Prohíbese comer, beber e fumar na zona de praia reservada ós bañistas e nos vestuarios.

Queda prohibido abandonar desperdicios dentro do recinto das instalacións, debendo empregar as papeleiras ou outros recipientes destinados para tal efecto.

Queda prohibida a entrada á instalación ás persoas que padezan algunha enfermidade transmisible, especialmente afeccións cutáneas sospeitosas, podendo ser recoñecidas, para estes efectos polo persoal encargado da piscina.

Queda prohibida a entrada á instalación a todas aquelas persoas que non presenten as condicións hixiénicas e sanitarias adecuadas para a inmersión na auga e o uso do resto dos espazos da instalación.

Non está permitido: correr, empurrar, dar caladas, facer apneas reiteradas e lanzarse á auga de pé, cabeza ou bomba.

Para permitir o acceso a nenos ou nenas menores de 8 anos, deberán ir acompañados por unha persoa maior de idade que se faga responsable deles.

Para permitir o acceso a nenos ou nenas de idades comprendidas entre os 8 e 14 anos, ambos inclusive, sen unha persoa maior de idade que se faga responsable deles, deberán traer asinada unha autorización do pai, nai ou tutor, de conformidade co modelo que se establezca polo Concello.

O Concello non se fai responsable das desaparicións ou roubos que se poidan dar nas instalacións.

Todo desperfecto ocasionado nas instalacións obrigará ó causante do mesmo a reparar economicamente a súa reposición ou reparación.

Todo accidente que se produza na instalación será comunicado antes de abandonar a mesma. Sempre que o motivo da lesión sexa a negligencia do persoal ou defectos da instalación, os gastos correrán a cargo do seguro do Concello. No caso de ser por calquera outra causa o Concello non se fará responsable dos gastos que este ocasione.

Os usuarios da instalación quedarán obrigados a atender as indicacións das persoas encargadas do control da instalación (socorrista/monitor/outros) en todo momento. Un comportamento antisocial suporá a expulsión do recinto ó infractor.

O incumprimento reiterado de calquera dos artigos anteriores suporá a prohibición da entrada na instalación durante un tempo determinado, en relación coa gravidade da infracción, sendo este valorado pola dirección técnica da instalación e comunicado ó Concello que será o que sancione en virtude da lexislación xeral aplicable.

Disposición adicional:

1-No que non esté previsto expresamente nesta Ordenanza, en relación cas normas de uso e utilización da piscina, se estará ó previsto nas disposicións legais e regulamentarias que resulten de aplicación no caso concreto, tendo en conta especialmente o Decreto 103/2.005, de 6 de Maio, da Consellería de Sanidade, polo que se establece a reglamentación técnico sanitaria de piscinas de uso colectivo.

2-No que non esté previsto expresamente nesta Ordenanza, en relación ca exacción e cobro da Taxa, se estará ó disposto no Real Decreto Legislativo 2/2.004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Disposición final:

Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Oimbra, a 16 de Novembro de 2.009.

O ALCALDE

ASDO:ALFONSO VILLARINO RODRIGUEZ.

DILIXENCIA:

Para facer constar que o texto da presente Ordenanza foi o aprobado polo Pleno deste Concello de Oimbra, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 19 de Novembro de 2.009, punto num. 4 da orde do día.

A Secretaria-Interventora

Asdo: Cristina Taboada Gonzalez